

Ánimo chicas e chicos.

**Aquí vos deixo as respostas ás preguntas sobre o tema de Mesopotamia. Corrixide o que faga falla no voso caderno.**

#### **Páx 122**

- 1) Un menhir é unha gran pedra cravada verticalmente no chan. Os aliñamentos son ringleiras de menhires.  
Un cromlech é un círculo de menhires. O dolmen é unha cámara constituída por grandes pedras verticais cubertas por outras horizontais, usouse como enterramento colectivo.
- 2) A) O aumento da poboación.  
B) Xurdimento de novos oficios.  
C) Interese por controlar os metais e outras riquezas.  
D) Os pobos que coñecen o metal impóñense sobre os que non o coñecen.

#### **Páx 124**

- 3) As pinturas da zona cantábrica realízanse no interior das covas e representan animais de forma naturalista. As da zona levantina aparecen en abrigos rochosos e representan de xeito esquemático a persoas en escenas de caza guerra ou ritos.

#### **Páx 133**

6) A) Mesopotamia ----- Tigre e Éufrates.

Exipcia----- Nilo.

India----- Indo e Ganxes.

Chinesa----- Huang He (Amarelo).

B) Asia e África.

C) Civilizacións fluviais, porque xurdiron ás beiras dalgúns grandes ríos da Terra.

#### **Páx 134**

- 1) B) Ur, Uruk, Lagash, Eridú. (Calquera vale).
- 2) Os sumerios son os iniciadores. Os persas póñenlle fin á civilización mesopotámica.
- 3) Sumerios --- Ur. Acadios----- Acad. 1º dominio asirio ----- Assur.

#### **Páx 136**

- 1) Como príncipe gobernaba e encargábase de coordinar todas as actividades cidadás.  
Como alto sacerdote dirixía o culto ós deuses e coidaba dos templos e os seus bens.  
O rei non tiña función relixiosa.
- 2) Cereais (trigo e cebada).  
Verduras e hortalizas (cebolas, allos, fabas, cabazas).  
Palmeiras datileiras e árbores froiteiras.

Ovellas, cabras, porcos, bois e cabalos.

3) Madeira, pedra e metáis. Mediante troco ou con láminas de prata.

**MANDÁDEME A ACTIVIDADE SOBRE O MENÚ Ó MEU CORREO ELECTRÓNICO**

**[rbeltrancaballeira@gmail.com](mailto:rbeltrancaballeira@gmail.com)**

**Páx 139**

- 4) A) Unha caixa de madeira onde se narra a vida dun patesi de Ur.  
B) O patesi, é de maior tamaño que os demais.  
C) Os nobres, máis pequenos que o patesi pero maiores que os traballadores e servos. Os privilexiados levan un alto nivel de vida (banquetes, música), o resto da poboación traballa para eles e páganlles impostos.

**Páx 142 e 143**

Escritura cuneiforme.- xurdiu entre os sumerios. Relizábase en taboíñas de arxila branda cun punzón que deixaba trazos en forma de cuña. As taboíñas despois secaban ó sol ou cocíanse nun forno.

Cigurat.- é un edificio enorme que enlazaba os humanos cos deuses e tamén servía de observatorio astronómico.

**Páx 140 e 141**

**MANDÁDEME A ACTIVIDADE SOBRE O RELATO Ó MEU CORREO ELECTRÓNICO**

**[rbeltrancaballeira@gmail.com](mailto:rbeltrancaballeira@gmail.com)**

**Lembrede que aínda que no que me mandedes ó correo non poderei controlar a vosa caligrafía si que podo decatarme da ortografía, así que ollo coas faltas.**